

TEXTOS PARA CORRIXIR

Felipe II herda do seu pai as posesións españolas (España, Italia e América); Inglaterra, esta última será o seu lugar máis conflictivo; e, desde 1581, convértese en rei de Portugal. Fará de España o centro do seu imperio e porá en Madrid a capital dos seus reinos. A diferenza do seu pai non abandonou practicamente nunca a Península. O predominio en América e a defensa dos indíxenas foron as directrices principais do seu goberno.

Hernán Cortés desembarca no Imperio inca (Perú, Ecuador e parte de Bolivia) e con catrocentos homes e axudados polos inimigos dos incas, faise con todo Perú onde fundará o virreinato de Nova España. A conquista do Imperio azteca (México) sería levada a cabo por Francisco Pizarro, que ascendeu desde a costa, subiu á cima dos Andes e foi recibido por Atahualpa, ao que capturou e posteriormente executou en 1533, recibindo antes unha gran cantidade de prata. Francisco Pizarro ocupou Cuzco, a capital do Imperio, e fundou na costa a cidade de Lima.

Como consecuencia da guerra de Sucesión, Felipe V anula os foros dos territorios da Coroa de Castela nos coñecidos como Elementos de Renovación. A partir de agora perden as súas institucións como as Cortes e serán gobernadas coas mesmas leis de e serán dirixidos por un capitán xeral. Tamén se suprimen as aduanas e fronteiras interiores. Os territorios con foros (leis propias e ampla autonomía) que permaneceron fieis a Felipe V non conservaron os seus privilexios: Álava, Guipúzcoa, Biscaia e Navarra. Xon estas medidas o monarca pretendía a descentralización do poder político favorecendo a autonomía de cada un dos territorios que lle foran leais durante a Guerra de Sucesión.